

ACTA DO CONSELLO XERAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

DATA: 18 de febreiro de 2022

LUGAR: Casa do Concello de Narón

CARÁCTER DA SESIÓN E CONVOCATORIA: Sesión Ordinaria, segunda convocatoria

HORA DE COMEZO: 19:25 h.

HORA DE FINALIZACIÓN: 21:04 h.

PERSOAS PARTICIPANTES

PRESIDENTA DO CONSELLO: D^a Catalina María García Blanco, Concelleira delegada de Participación Cidadá do Concello de Narón, en substitución da Sra. Alcaldesa.

EN REPRESENTACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

- D. Santiago Galego Castro, en representación do grupo político municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE)
- Germán Castrillón Permuy, en representación do grupo político municipal do Partido Popular (PP)
-

EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS:

- D^a. Josefina Sabín Beceiro, en representación da asociación veciñal Altea de Xuvia.
- D^a. M^a Isabel Mauriz Prieto, en representación da asociación veciñal Virxe de Fátima, de Freixeiro
- D. Ramón Francisco Couto Bellas, en representación da asociación veciñal do Couto
- D. Manuel García Loureiro, en representación da asociación veciñal Chafarís, do Alto do Castiñeiro

EN REPRESENTACIÓN DOS CONSELLOS TERRITORIAIS:

- D. José Ignacio Dapena Fernández, en representación do Consello Territorial da Gándara.
- D. Bruno González Mauriz, en representación do Consello Territorial de Piñeiros.
- D^a. Rocío Coira Fernández, en representación do Consello Territorial do Val.
- D. Xosé Francisco Roade Servia, en representación do Consello Territorial do Couto.
- D^a Paula Gárate Formoso, en representación do Consello Territorial de Santa Ilda
- D^a Begoña Ramos Montes, en representación do Consello Territorial do Alto.

EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DE IGUALDADE: Desculpa a súa ausencia a representante do Consello Sectorial de Igualdade.

TAMÉN ASISTEN: D. Román Romero Franco, Concelleiro delegado de Facenda, D. Manuel Antonio Ramos Rodríguez, Concelleiro delegado de Urbanismo e D. José

Manuel Pérez, consultor para a incorporación da perspectiva de xénero no PXOM de Coop4eQUALITY.

SECRETARIO DO CONSELLO: D. Martín Vázquez Añel, Escola de Participación Cidadá.

DESENVOLVEMENTO

Catalina García abre a sesión en calidade de Presidenta do Consello Xeral, desculpando a ausencia da Alcaldesa, presentando o sentido deste espazo de debate sobre temas de interese para o conxunto do concello, agradecendo a participación das presentes e celebrando a recuperación deste espazo, dando conta de que o último Consello Xeral tivo lugar o 20 de novembro de 2019. Infórmase da alteración na orde das intervencións previstas, comezando a sesión coa presentación a cargo de José Manuel Pérez, de Coop4eQUALITY.

1.- INFORMACIÓN SOBRE OS TRABALLOS DE REVISIÓN DO PXOM DENDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO.

Punto presentado por José Manuel Pérez do equipo de COOP4eQUALITY, entidade que está a facer a revisión do PXOM dende unha perspectiva de xénero, traballos que comezaron en 2021.

José Manuel explica a importancia de incorporar esa perspectiva nun documento de planificación deste tipo, enmarcando que na actualidade un PXOM carece de sentido se non incorpora a visión da cidadanía. Neste sentido, valora positivamente a aposta do Concello de Narón por abrir este proceso, incorporando as achegas daquelas persoas que normalmente non teñen voz na creación deste tipo de documentos, a veciñanza en xeral, e as mulleres en concreto. Esta perspectiva se traduce na incorporación no documento de cuestións como os coidados e os seus impactos na mobilidade, na incorporación da diversidade, na percepción da seguridade, diferente para mulleres e homes, etc., moi relacionados coa iluminación, polo deseño de camiños e rúas, etc.

Ata o momento o seu traballo pasou pola revisión de toda a documentación técnica existente e a elaboración dun informe, así como unha formación para o persoal municipal da área de Urbanismo, e outra aberta a outro persoal técnico. Os próximos pasos, integrados no período de redacción, terán que ver con indagar, preguntar a mulleres, e tamén homes, polas súas vivencias ao respecto das cuestións mencionadas.

Aproveita este órgano de participación para convidar ao tecido asociativo e veciñal a participar activamente no proceso.

- Dende ASCM valoran positivamente o proceso e expoñen que, para participar no proceso, as entidades deberían ter máis información sobre o contido dun

PXOM, a súa estrutura, que partes nutrirán coa súa participación, etc. Tamén se interesan polas cuestións concretas que un PXOM define, como a iluminación, etc.

- José Manuel explica que haberá un proceso formativo previo aos espazos de investigación abertos á veciñanza.
- Manuel Antonio Ramos explica que o PXOM incorpora ordenanzas e regulamentos, documentos nos que se recollen estas cuestións máis concretas relacionadas coa seguridade, a iluminación, etc.
- Dende a AVV do Couto interésanse polas técnicas a empregar para incorporar esas achegas da veciñanza ao documento. José Manuel explica que serán unha diversidade de técnicas de investigación social: cuestionarios, mapeos, paseos de Jane, etc.
- Manuel Antonio Ramos, nunha nova intervención, explica os atrancos atopados na redacción do PXOM. A empresa adxudicataria do seu desenvolvemento presentara a comezos do 2021 un documento inicial moi avanzado, que foi revisado en abril polos servizos municipais, dándolles un prazo para corrixir os erros detectados. Por incapacidade de continuar co proceso, a empresa solicitou en setembro de 2021 a cesión dos traballos a outra empresa, perdendo a posibilidade de cobrar por esta fase. Tras valorar a cuestión, apróbase esta cesión, que será aprobada no próximo Pleno Municipal. Dende ese momento, a expectativa é que a empresa achegue un plan de traballo co obxectivo de elaborar un novo documento de aprobación inicial. Polo momento non é posible dar un prazo aproximado. Orixinalmente, ese documento debía estar aprobado en maio/xuño deste ano, pero tras este atranco alleo ao Concello, todo depende da revisión dos traballos feitos e da planificación desta nova empresa.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

As persoas participantes do Consello Xeral presentes na sesión previa acordan favorablemente, por maioría, a aprobación da acta da sesión ordinaria do Consello Xeral de Participación con data de 20 de novembro de 2019, coa abstención dos membros que non estiveron presentes na sesión previa e daqueles que, nesa data, non formaban parte do Consello Xeral.

3.- INFORMACIÓN SOBRE OS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2022.

Punto presentado por Román Romero, Concelleiro Delegado de Facenda. Para unha mellor comprensión do detalle dos orzamentos ponse a disposición das persoas participantes un documento resumo que detalla os orzamentos de ingresos e gastos para 2022, así como a porcentaxe por capítulos, investimentos propios e doutras entidades, etc.

Nunha primeira parte preséntase o conxunto do orzamento, explicando a previsión de ingresos e os gastos planificados, divididos en diferentes capítulos: gastos de persoal,

gasto corrente, subvencións, investimentos, etc. Román explica ás presentes a que gastos concretos corresponden cada un deses capítulos. Destaca tamén o feito de que o Concello de Narón ten nestes momentos débeda 0, así como que o Concello estivo en 2021 cerca do 90% de execución do seu orzamento, o que valora moi positivamente.

Ao respecto dos ingresos, apunta as principais diferencias respecto doutros anos: o aumento das achegas do Estado; a redución das achegas da Deputación da Coruña; a aprobación no próximo Pleno dunha ordenanza ao respecto das plusvalías municipais, que tamén xerará unha redución dos ingresos, etc. Ao tempo, enuméranse algunhas das cuestións máis destacadas no capítulo de gastos correntes: o novo contrato de xestión das escolas infantís; o contrato de axuda no fogar (contrato que aumentou o seu gasto debido á pandemia da COVID-19); as propias fases de elaboración do PXOM, etc. Tamén menciona o aumento das comisións bancarias, o que tamén supón un aumento do gasto nese sentido.

Ao respecto do capítulo 4 explícanse tamén o motivos da variación do seu total, relacionada con que certos convenios asinados con entidades deportivas non se incorporaron a este capítulo no orzamento inicial para 2021, pero que si que o fixeron ao longo do ano grazas as habilitacións de crédito.

Por último, ao respecto dos investimentos, destaca diferentes accións: a creación de novas zonas de parques; o aparcamento do centro de saúde; os gastos de rehabilitación do Muíño de Xuvia, do Muíño das Aceas, etc.

4.- INFORMACIÓN SOBRE OS PRINCIPAIS TEMAS ABORDADOS NOS CONSELLOS TERRITORIAIS DE 2021.

No último punto informativo da sesión, Catalina García, Román Romero e Manuel Antonio Ramos presentan e explican, sobre un extracto dos principais temas abordados nos Consellos Territoriais de 2021, as principais medidas que o Concello ten previsión de desenvolver. Así, compártense diferentes proxectos e medidas no ámbito das melloras da accesibilidade e outras intervencións en vía pública; a xestión dos residuos; o saneamento; etc.

Así, infórmase á veciñanza dun paquete de mantemento de vías na zona rural de 1 millón de euros, e de 600.000€ no urbano. Román comparte as dificultades ao respecto de contabilizar de forma específica os investimentos que fai o Concello para a mellora da accesibilidade, mais explica que toda obra nova incorpora criterios de accesibilidade, como o paseo da Solaina en plataforma única, etc. Tamén infórmase de que as dúas fases do paseo de Xuvia xa están contratadas.

No que ten que ver co novo contrato de xestión de residuos infórmase de que todas as papeleiras se substituirán para mellorar a súa accesibilidade, valorando positivamente os cambios nos colectores, no sistema de recollidas, a definición das

novas rutas, así como a flexibilidade neste comezo do contrato para adaptase aos cambios que vaian sendo precisos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Na última sección do Consello Xeral de Participación, ábrese a quenda de palabra para que as diferentes persoas participantes, en representación dos grupos políticos municipais, das asociacións veciñais, ou dos consellos territoriais, acheguen as súas preguntas, valoracións ou peticións ao respecto do previamente exposto, diálogo facilitado dende a Escola de Participación e do que a continuación recóllense as principais ideas:

Paula Gárate amosa o seu interese pola cuestión dos investimentos orientados ás melloras da accesibilidade no concello. Pregunta pola plataforma única no barrio de Santa Icía, que entende como unha actuación de mellora da accesibilidade. Por outro lado, cuestiona a mellora neste sentido dos novos colectores de lixo, deficientes neste sentido; tamén comparte que dende a súa entidade xa teñen detectados dous casos nos que os colectores foron instalados sobre prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida, ampliando a crítica a súa instalación tamén sobre paradas de autobús. Ante isto, Román explica o momento inicial do contrato e incide na idea de proceso, de flexibilidade, de adaptación ás necesidades que se vaian detectando. Ante os erros cometidos, o contrato permite certa marxe de flexibilidade para reformular. Tamén achega a este debate Germán Castrillón, demandado a revisión no Consello Xeral de Participación ou noutro espazo de participación, dun plano coa previsión de colocación dos colectores, recoñecendo que entende as dúbidas e queixas da veciñanza.

Nunha última intervención ao respecto da defensa do transporte público, Catalina García informa das conversas mantidas coa plataforma creada a nivel comarcal que está a traballar pola mellora do transporte en xeral, a defensa do servizo de tren, a mellora das conexións en autobús coa Coruña (a UdC, o CHUAC, etc.) con Lugo, etc. Catalina anima á veciñanza a que se sume á plataforma e traslade as problemáticas que se atope, sumando apoios e aumentando o alcance das reivindicacións¹.

Sobre isto, Paula Gárate reforza de novo a importancia de apostar e defender un transporte público de calidade, pero tamén accesible, xa que é imprescindible para camiñar cara unha igualdade de dereitos. No ámbito do transporte público, interésanse pola obra do ascensor da plataforma do tren en Santa Icía. Recóllese a cuestión para darlle traslado a Pablo Mauríz, Concelleiro de Obras Públicas para despois trasladar a resposta dende a Escola de Participación.

Manuel García, da asociación veciñal Chafarís solicita que se recolla en acta a súa disconformidade co formato do Consello Xeral, no que non hai, na súa opinión, uns tempos axeitados para a participación ampla da veciñanza.

¹Catalina García traslada á Escola de Participación o contacto da plataforma, a incorporar na acta: transportedigno21@gmail.com. Contacto que tamén será compartido dende o correo electrónico da Escola.

Polo seu lado, Paula Gárate de ASCM demanda máis formalidade para as convocatorias ao Consello Xeral. Neste sentido ten dúbidas sobre o rol da súa participación. Tamén expresa unha queixa sobre a falta de convocatorias do Consello Sectorial de Igualdade, xa que son coñecedoras de diferentes iniciativas que se están a facer no ámbito da igualdade das que non recibiron unha información axeitada.

Ao non suscitarse ningún outro rogo ou pregunta, Catalina García, como Presidenta do Consello Xeral, tras agradecer a participación de todas as persoas presentes e poñendo en valor estes espazos de encontro entre o Concello e a veciñanza, levanta a sesión ás 21:04 h., da que eu como secretario, dou fe.

Visto e praxe,

A Presidenta do Consello Xeral de Participación Cidadá

Asdo. Catalina M^a García Blanco (en substitución da Sra. Alcaldesa)

A Secretaría do Consello de Xeral de Participación Cidadá, Escola de Participación Cidadá

Asdo. Andrea Rico Adegá